



QUERO VER O MAR-HOMENAXE A ROSALÍA

CONFERENCIA

“ROSALÍA DE CASTRO, DE ONTE A HOXE”

Impartida por **PILAR GARCÍA NEGRO**

VENRES 16 DE FEBREIRO DE 2024 - 20:00 H.

CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos, dentro dos actos que durante os meses de febreiro e marzo ten programados en homenaxe a **Rosalía de Castro** baixo o título de **QUERO VER O MAR-HOMENAXE A ROSALÍA**, organiza o **venres 16 de febreiro de 2024**, ás 20:00 horas, na **Casa da Cultura de Vilaalba**, a CONFERENCIA “**ROSALÍA DE CASTRO, DE ONTE A HOXE**”, que será impartida por **PILAR GARCÍA NEGRO**, profesora honoraria da USC e escritora, contando tamén coa presentación de **MARISA BARREIRO**, presidenta do IESCHA.

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO, nada o 9 de outubro de 1953 en Lugo, é unha política, escritora, sociolingüista e profesora galega.

Traxectoria profesional

Estudou filoloxía hispánica e filoloxía galega na Universidade de Santiago de Compostela, doutorándose en 1991. Foi profesora de lingua española no Instituto Eusebio da Guarda da Coruña entre 1976 e 1985 e na Sardiñeira entre 1985 e 1990. Deu sempre as clases en galego, o que lle valeu a apertura dun expediente sancionador en 1983. Dende 1991 é profesora da Universidade da Coruña, sendo profesora titular desde 1995 no Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística. Publicou a sección "O idioma" no semanario A Nosa Terra entre marzo de 1978 e agosto de 1979, seguindoille "Leccións de Literatura e de Lingua" con Xosé María Dobarro de 1979 a 1980. Pilar García Negro interveu en numerosos congresos nacionais e internacionais sobre sociolingüística, linguas europeas non normalizadas, literatura galega e feminismo, e publicou edicións e estudos sobre Rosalía de Castro, Valentín Lamas Carvajal, Pardo Bazán, Castelao, Xesús San Luís Romero, Ramón Villar Ponte, Eduardo Blanco Amor, Ricardo Carvalho

Calero, Jenaro Marinho del Valle, Manuel María, María Xosé Queizán, Lois Diéguez, Marica Campo ou Pilar Pallarés. Foi presidenta da Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña (1983-1988). É membro do Consello de redacción de *Altres nacións*, da *Revista de Filoloxía da Universidade da Coruña* e da revista *Terra e Tempo*. Colaboradora da AS-PG, AELG e Mesa pola Normalización Lingüística. Desde 2004 é a directora-xerente da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas.

Traxectoria política

Foi deputada no Parlamento de Galicia polo BNG entre 1989 e 2003. Durante ese período destacou por ser unha das principais defensoras da legalidade do topónimo galego da cidade da Coruña fronte os recursos nos tribunais do daquela alcalde da cidade, Francisco Vázquez, para manter a oficialidade de dito topónimo en español. En 2006 foi xulgada e condenada canda Xosé Manuel Carril e Francisco Xosé Rei por inurias e desorde pública logo dun pleno, celebrado en 2004, no Palacio de María Pita no que Francisco Vázquez pretendía cooficializar os topónimos galego e castelán para a cidade. Velaí algunhas das súas obras:

- **O galego e as leis. Aproximación sociolingüística** (1991, Edicións do Cumio)
- **Sempre en galego** (1993, 1999, Laiovento)
- **Direitos lingüísticos e control político** (2000, Laiovento)
- **Arredor de Castelao** (2001, A Nosa Terra)
- **María Mariño no ronsel das escritoras galegas** (2007, Laiovento)
- **Xosé María Álvarez Blázquez: Claro mencer do tempo...** (2008, Deputación da Coruña)
- **De fala a lingua: un proceso inacabado** (2009, Laiovento)
- **O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo** (2010, Sotelo Blanco)
- **Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación** (2010, Laiovento)
- **Outramente...** (2012, Laiovento)
- **Cantares gallegos hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro** (2013, Alvarellos)
- **Galiza e feminismo en Emilia Pardo Bazán** (2021). Lugo: Alvarellos. 158 páxs.
- **Rectificar a historia Escritos sobre Ricardo Carvalho Calero** (2021). Santiago: Laiovento. 288 páxs
- **A gente da Barreira, de Ricardo Carvalho Calero; Teatro, de Jenaro Marinho del Valle** (1997, AS-PG/A Nosa Terra)
- **Poesía galega, de Valentín Lamas Carvajal** (1998, Edicións do Castro)
- **Confusión de María Balteira, de Marica Campo** (2006, Universidade da Coruña). Edición e estudo introdutorio da obra
- **El caballero de las botas azules. Lieders. Las literatas, de Rosalía de Castro** (2006, Sotelo Blanco). Edición e estudo introdutorio
- **Ricardo Carvalho Calero. Obra literaria: poesía, teatro e narrativa** (2022). Manuel Castelao Mexuto e María Pilar García Negro (Eds.). Biblos (fonte wikipedia)

A entrada será libre ata completar aforo.